



**PRIMEIRO EXERCICIO PARA A SELECCIÓN COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN/UNHA
TRABALLADOR/A SOCIAL CONVOCADO POLO CONCELLO DE GUNTIN**

NOME E APELIDOS:

D.N.I.:

(Asinar en todas as follas)

1) A Constitución Española de 1978, no seu artigo 27 establece que:

- a) Non todos teñen dereito a sindicarse libremente.
- b) Recoñecese o dereito a folga dos traballadores para a defensa dos seus intereses.
- c) A liberdade sindical comprende o dereito a fundar sindicatos e a afiliarse o da súa elección.
- d) Ningunha é correcta.

2) ¿Cal é o artigo da Constitución no que se establece que a Lei regulará o procedemento a través do cal deben producirse os actos administrativos, garantindo, cando proceda, a audiencia dos interesados?

- a) 105
- b) 107
- c) 109
- d) 110

3) Na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as medidas provisionais deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas no acordo de iniciación do procedemento, que deberá efectuarse dentro de:

- a) Os 10 días seguintes a súa adopción
- b) Os 15 días seguintes a súa adopción
- c) Os 20 días seguintes a súa adopción
- d) Os 30 días seguintes a súa adopción

4) A teor do disposto polo artigo 39 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en que situacións poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos administrativos?:

- a) En ningún caso.
- b) Excepcionalmente.
- c) En calquera caso.
- d) ningunha das anteriores



- 5) Segundo a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en que momento pódense aducir alegacións que non versen sobre defectos na tramitación do procedemento?**
- a) Só na iniciación
 - b) No trámite de audiencia, unicamente.
 - c) En calquera momento, pero sempre antes de que se dite resolución.
 - d) En calquera momento, pero sempre antes do trámite de audiencia.
- 6) Segundo o artigo 77 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cando a Administración non teña por certos os feitos alegados polos interesados ou a natureza do procedemento o esixa, o instrutor do mesmo acordará a apertura dun período de proba por un prazo:**
- a) Non superior a quince días, nin inferior a dez
 - b) Non superior a vinte días nin inferior a dez
 - c) Non superior a trinta días nin inferior a dez
 - d) Non superior a dez días nin inferior a tres
- 7) A lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas indica que contra os actos firmes en vía administrativa, cando concorra algunha das causas previstas no artigo 125.1, só procederá o recurso:**
- a) De alzada
 - b) De reposición
 - c) Extraordinario de revisión
 - d) Non cabe recurso administrativo.
- 8) ¿Que competencia ten a Comunidade Autónoma de Galicia no Estatuto de Autonomía sobre os portos de refuxio , portos e aeroportos deportivos?**
- a) Competencia de execución.
 - b) Ningunha competencia.
 - c) Competencia exclusiva
 - d) Competencia de desenvolvemento legislativo e execución da lexislación do Estado.
- 9) ¿Que competencias ten a Comunidade Autónoma en materia de ensinanza segundo o artigo 31 do Estatuto de Autonomía para Galicia?**
- a) Ten unicamente competencia de execución.
 - b) Ten competencia unicamente, no desenvolvemento legislativo e execución da lexislación do Estado nos termos que a mesma estableza.
 - c) Ten competencia plena na regulación e administración da ensinanza en toda súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas.
 - d) Ten competencia plena na regulación e administración da ensinanza en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, con exclusión da ensinanza superior, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas.
- 10) Conforme a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local, a Provincia:**



CONCELLO DE GUNTIN (LUGO)

- a) É una entidade básica da organización territorial do Estado e cauces inmediatos de participación cidadáns nos asuntos públicos, que institucionalizan e xestionan con autonomía os intereses propios das correspondentes colectividade.
- b) É una entidade local determinada pola agrupación de Municipios, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.
- c) Son fins propios e específicos da mesma, garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipal, no marco da política económica e social
- d) A resposta b y c, son correctas.

11) O Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobouse polas Cortes Xerais mediante:

- a) Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril.
- b) Lei Orgánica 1/1980, do 6 de abril.
- c) Real decreto, expedido polo Rei.
- d) Lei Orgánica 1/1980, do 5 de abril.

12) Segundo o artigo 11 do Estatuto de Autonomía para Galicia, a circunscrición electoral será, en todo caso:

- a) O municipio
- b) A comarca
- c) A provincia
- d) A comunidade autónoma

13) O artigo 33, da Lei 7/1985 do 2 de abril Reguladora de Bases de Réxime Local, o Pleno da Deputación está constituído polo Presidente e Deputados, en todo caso, corresponde ó Pleno:

- a) A declaración de lesividade dos actos da Deputación.
- b) A alteración da calificación xurídica dos bens de dominio público.
- c) Asegurar a xestión dos servizos propios da Comunidade Autónoma cuxa xestión ordinaria estea encomendada á Deputación.
- d) A resposta a e b son correctas.

14) Nos termos previstos no artigo 35.2 do Estatuto de Autonomía para Galicia, a Comunidade Autónoma poderá tamén establecer acordos de cooperación con outras comunidades autónomas previa:

- a) Autorización do Parlamento de Galicia
- b) Comunicación as Cortes Xerais
- c) A resposta a e b son correctas
- d) Ningunha resposta é correcta

15) Segundo o establecido na Lei Orgánica 3/2018 do 5 de Decembro de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, a Axencia Española de Protección de Datos:

- a) Relaciónase co Goberno a través do Ministerio de Interior.
- b) Relacionase co Goberno a través do Ministerio de Defensa.
- c) Relacionase co Goberno a través do Ministerio de Sanidade.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.



16) Segundo a Lei 13/2008 do 3 de Decembro de Servizos Sociais de Galicia, o sistema galego de servizos sociais, réxese (entre outros), por un principio no que o desenrolo dos servizos sociais, deberá tender o mantemento da persoa no seu entorno persoal, social e familiar, procurando a súa inserción social sen menoscabo do dereito a diferenza. ¿ Que principio é este?

- a) Descentralización e proximidade
- b) Integración e normalización
- c) Acción integral e normalizada
- d) Acción integral e personalizada

17) Non son funcións dos servizos sociais comunitarios básicos:

- a) Estudo e diagnóstico social da comunidade, que implica a detección e análise de necesidades e demandas.
- b) A elaboración de un plan de intervención comunitario acorde coas necesidades detectadas o anticipadas no diagnóstico social.
- c) A identificación de grupos de poboación vulnerables e a detección precoz de situacións de risco para o desenrolo de actuacións de carácter preventivo e de promoción social.
- d) A atención directa a colectivos con déficits de autonomía o en risco de exclusión que se leva a cabo a través de programas en medio aberto, en centros de carácter non residencial ou de carácter residencial temporal.

18) Son funcións dos servizos sociais comunitarios básicos:

- a) O fomento da participación activa da cidadanía mediante estratexias socioeducativas que impulsen a solidariedade e a cooperación social organizada.
- b) Promover medidas de reinserción no seu ámbito de actuación e levar a cabo medidas de rehabilitación social orientadas a normalizar as condicións de vida das persoas usuarias.
- c) Prestar colaboración y asesoramento técnico os servizos sociais comunitarios, así como reverter a este nivel os casos nos que non sexa preciso unha intervención especializada.
- d) todas son correctas

19) As fontes de financiación do sistema galego de servizos sociais efectúase mediante:

- a) Os presupostos xerais da Comunidade Autónoma, entidades locais, prezos públicos correspondentes e calquera outra aportación pública destinada a fines de servizos sociais, de acordo con lo establecido en la normativa que resulte de aplicación.
- b) Os presupostos xerais da Comunidade Autónoma, entidades locais, prezos públicos correspondentes e calquera outra aportación privada destinada a fines de servizos sociais, de acordo con lo establecido en la normativa que resulte de aplicación.
- c) Os presupostos xerais da Comunidade Autónoma, entidades locais, prezos públicos correspondentes e calquera outra aportación privada ou pública destinada a fins de servizos sociais, de acordo co establecido na normativa que resulte de aplicación.
- d) Efectuarase mediante os presupostos xerais da comunidade Autónoma e entidades locais.

20) A Lei 13/2008 do 3 de decembro , de servizos sociais de Galicia, fala de obxectivos do sistema galego de servizos sociais no:



- a) Preámbulo
- b) No título preliminar
- c) No Título II
- d) No Título III

21) As intervencións, programas, servizos e prestacións desenroladas no catálogo de servizos sociais, descrito na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, poderán ser:

- a) Básicas, específicas e especializadas
- b) Esenciais e Normalizadoras
- c) Básicas e Complementarias
- d) Naturais e normalizadoras

22) A efectos da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción de la Autonomía Persoal e Atención a las persoas en situación de dependencia, son principios da mesma:

- a) Carácter público das prestacións do Sistema.
- b) Universalidade no acceso de tódalas persoas en situación de dependencia, en condicións de igualdade efectiva e non discriminación, nos termos establecidos nesta Lei.
- c) Atención as persoas en situación de dependencia de forma integral e integrada
- d) Todas son correctas.

23) Tal como establece o art.60 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, cal das seguintes non é unha competencia dos Concellos galegos:

- a) A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais básicos.
- b) A promoción de mecanismos de coordinación das actuacións realizadas por entidades de iniciativa social.
- c) O exercicio das potestades inspectoras e sancionadoras no relativo á prestación de servizos sociais comunitarios.
- d) A creación, regulación e impulso de mecanismos de participación local no ámbito dos servizos sociais.

24) ¿Poden ser financiados os servizos sociais comunitarios de Galicia con aportacións privadas destinadas a ese fin?

- a) Non, os servizos sociais comunitarios son públicos.
- b) Soamente o servizo de axuda no fogar.
- c) Si
- d) Si, sempre que a aportación a realice a Xunta de Galicia

25) ¿Cal das seguintes non é un deber das persoas beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia, tal e como establece a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galiza?

- a) Destinar o importa da prestación económica os fins para os que se concede e, en calquera caso, o cumprimento dos deberes legais cos membros da unidade perceptora.
- b) Comunicar no prazo de 10 días o acceso a un emprego.
- c) Solicitar a baixa na prestación, o en algún dos seus tramos, no prazo de 10 días a partir do momento no que se deixen de reunir os requisitos esixidos para a súa percepción.



- d) Proporcionar a Administración información veraz sobre as circunstancias persoais, familiares e económicas que dean lugar a variacións na situación da persoa beneficiaria o da súa unidade de convivencia.

26) Segundo a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, a tipoloxía de axudas para a atención de necesidades primarias de alimentación, vestido e enxoval doméstico son:

- a) Complementarias a renda de integración social de Galicia
- b) Complementarias con respecto a calquera outra axuda ou prestación pública destinada a mesma finalidade.
- c) Subsidiarias con respecto a calquera outra axuda ou prestación pública destinada a mesma finalidade.
- d) Todas son incorrectas.

27) É requisito xeral para o acceso a renda de Inclusión Social de Galicia, ter cumpridos os 25 anos na data da solicitude da prestación, excepto, persoas maiores de 18 anos nas que concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que, tendo recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %, non teñan dereito a prestación ou axuda de igual ou análoga natureza.
- b) Que estean en situación de orfandade absoluta e non teñan dereito a outras prestacións ou axudas de análoga natureza.
- c) Que leven dous anos vivindo nun domicilio independente e que cotizasen, polo menos, dous anos á Seguridade Social.
- d) Todas son correctas.

28) Dentro das axudas de inclusión social, as axudas para gastos causados por actuacións complementarias e de acompañamento vinculadas aos itinerarios de inclusión social e formación (sinale a resposta correcta):

- a) Teñen como finalidade atender situacións de grave emerxencia de persoas ou familias vulnerables que poidan desencadear un proceso de exclusión social e estean destinadas a sufragar gastos extraordinario
- b) Son complementarias da RISGA
- c) A resposta a e b son correctas
- d) A resposta a e b son incorrectas

29) Dentro das axudas de inclusión social, as axudas vinculadas ao uso da vivenda:

- a) Excepcionalmente, cando no informe social se poña de manifesto a existencia dunha situación sobrevida de crise financeira da unidade familiar que imposibilite o pagamento da hipoteca, poderanse aboar ata un máximo de tres cotas hipotecarias mensuais, sempre que a concesión desta axuda evite o desafiuzamento.
- b) Procede a concesión destas axudas no suposto de vivendas en propiedade, así como nas cedidas cando se xustifique a autorización para a permanencia nelas e en ningún caso se concederán para a mellora da habitabilidade de chabolas ou infravivendas.
- c) Destinadas á adquisición de mobiliario e electrodomésticos básicos da vivenda, sempre que non sexa unha chabola ou infravivenda, cando non existan nela.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.



30) As fases do método en traballo social son:

- a) Finalidade, concepto, proceso e estrutura.
- b) Flexibilidade, globalidade, apoio teórico nas ciencias sociais e do home, operatividade e participación.
- c) El estudio, diagnostico, execución e avaliación
- d) El estudio, diagnostico, planificación, execución e avaliación.

31) As persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios, entre outros, teñen os seguintes deberes:

- a) A recibiren na atención individualizada e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.
- b) Facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.
- c) Participar no pagamento dos servizos segundo o que poidan aportar en cada caso particular.
- d) A comunicar con quince días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal que puidese impedir ou dificultar a execución dos servizos que, se fose o caso, se prestasen no seu domicilio.

32) Despois das primeiras entrevistas ás persoas en situación de dependencia e, se é ao caso, ás persoas coidadoras, así como as visitas ao fogar necesarias e outras ferramentas de intervención social, o/a traballador/a social de referencia identificará aqueles aspectos do caso que requiran dunha especial atención e seguimento, así como a periodicidade con que se establecerán as distintas accións. Como mínimo, realizarase:

- a) Unha visita anual de seguimento no fogar, aínda que durante o primeiro ano será preceptiva unha visita semestral. Nas situacións especiais pode establecerse unha maior frecuencia de visitas
- b) Unha visita semestral de seguimento no fogar, aínda que durante o primeiro ano será preceptiva unha visita cada dous meses. Nas situacións especiais pode establecerse unha maior frecuencia de visitas.
- c) Unha visita anual de seguimento no fogar, aínda que durante o primeiro ano será preceptiva unha visita cada dous meses. Nas situacións especiais pode establecerse unha maior frecuencia de visitas.
- d) Ningunha resposta é correcta.

33) As persoas destinatarias, do servizo de axuda no fogar, entre outros, teñen os seguintes dereitos:

- a) A presentar queixas e suxestións ao persoal coordinador do servizo cando expresen reclamacións ou fagan suxestións sobre a súa prestación efectiva.
- b) A respectar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
- c) A comunicar, en circunstancias ordinarias e previsibles, con dez días de antelación, calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir a prestación do servizo.
- d) Todas as respostas son correctas



34) A proposta de resolución do grao de dependencia, recollerá o carácter permanente ou revisable do mesmo de acordo co seguinte:

- a) No caso de menores de dous anos a valoración terá carácter non permanente, establecéndose revisións de oficio periódicas cando os menores cumpran 6, 12, 18, 24 e 30 meses.
- b) No caso de menores de 2 a 18 anos, estableceranse revisións de oficio.
- c) A resposta a e b son correctas
- d) A resposta a e b son incorrectas

35) Para o caso de servizos distintos ao SAF-dependencia e SAF de libre concorrencia susceptibles pola súa natureza de incorporaren un copagamento, os concellos poderán establecer sistemas de participación das persoas ou unidades de convivencia de conformidade co seguinte:

- a) Os servizos prestaranse de forma gratuíta naqueles casos en que a capacidade económica, calculada segundo o disposto no art. 60 do Decreto 99/2012 resulte igual ou inferior ao 80% do IPREM
- b) Os servizos prestaranse de forma gratuíta naqueles casos en que a capacidade económica, calculada segundo o disposto no art. 60 do Decreto 99/2012 resulte igual ou inferior ao 60% do IPREM.
- c) Os servizos prestaranse de forma gratuíta naqueles casos en que a capacidade económica, calculada segundo o disposto no art. 60 do Decreto 99/2012 resulte igual ou inferior ao 85% do IPREM.
- d) Os servizos prestaranse de forma gratuíta naqueles casos en que a capacidade económica, calculada segundo o disposto no art. 50 do Decreto 99/2012 resulte igual ou inferior ao 80% do IPREM.

36) Na participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do SAF:

- a) O importe máximo da participación económica no custo do servizo por parte da persoa usuaria será 90 % do prezo/hora.
- b) O importe máximo da participación económica no custo do servizo por parte da persoa usuaria será 9,70 euros/hora.
- c) O importe máximo da participación económica no custo do servizo por parte da persoa usuaria será 80 % do prezo/hora.
- d) A resposta a e b, son correctas.

37) Os servizos sociais comunitarios básicos, desenvolverán as súas funcións de maneira estruturada, por medio dos seguintes programas:

- a) Programa de valoración, orientación e información, SAF, servizo de educación e apoio familiar, programa básico de inserción social, programa de fomento de cooperación e solidariedade social.
- b) Programa de valoración, orientación e información, SAF e calquera outro programa contemplado nunha área de ámbito traballo social.



CONCELLO DE GUNTÍN (LUGO)

- c) Programa de valoración, orientación e información, SAF, servizo básico de inserción social e programa de educación e apoio familiar.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

38) Para que os concellos poidan recibir transferencias finalistas correntes da Xunta de Galicia destinadas ao cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais será requisito indispensable que realicen, en función do seu número de habitantes, unha achega económica mínima sobre o total do orzamento do seu proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais:

- a) Concellos de **menos de 20.000** habitantes: o **15%** do orzamento.
- b) Concellos de **menos de 20.000** habitantes: o **20%** do orzamento.
- c) Concellos de **menos de 20.000** habitantes: o **50%** do orzamento.
- d) Concellos de **menos de 20.000** habitantes: o **25%** do orzamento.

39) Segundo se dispón no art.45 da Lei 13/2008, do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia, o plan estratéxico de servizos sociais, elaborárase:

- a) Cada ano
- b) Cada dous anos
- c) Cada catro anos
- d) Cada seis anos.

40) ¿Que modifica a Lei 8/2016, do 8 de Xullo da Lei 13/2008 do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia?

- a) Os dereitos e deberes dos cidadáns.
- b) Os dereitos , deberes e obrigas dos usuarios.
- c) Programas e servizos sociais comunitarios básicos
- d) As formas de prestación de servizos sociais.

PREGUNTAS DE RESERVA

1. O coordinador do servizo de axuda a , é o persoal, con titulación e formación social, cuxo labor consiste en desenvolver tarefas de coordinación, xestión e organización do SAF entre outras tarefas, deberá de desenvolver as seguintes funcións:

- a) Participación na formación continuada de auxiliares e deseño de cursos en materia de servizos sociais, na medida que se establezan nos plans de formación das respectivas empresas e do sector.
- b) Comunicación e avisos telefónicos con auxiliares e usuarios/as.
- c) Recollida de datos para facturación e produtividade.
- d) Todas as respostas son correctas.

2. Con respecto ás atencións de carácter básico do SAF, non estarían incluídas:

- a) Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espazo-temporal
- b) Servizo de podoloxía.
- c) Coidados e mantemento básico da vivenda.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.



3. Conforme a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local, os Municipios con poboación superior a 5000 habitantes, deberán prestar, entre outros , os seguintes servizos:

- a) Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento de auga potable, rede de sumidoiros, acceso a los núcleos de poboación y pavimentación das vías públicas, parque público, biblioteca pública e tratamento de residuos
- b) Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento de auga potable, rede de sumidoiros, acceso a los núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas e instalacións deportivas de uso público.
- c) Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento de auga potable, rede de sumidoiros, acceso a los núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas, parque público ,transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano
- d) Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento de auga potable, rede de sumidoiros, acceso a los núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas, Limpeza viaria, evacuación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación o risco de exclusión social

4. O cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios das corporacións locais realízanse mediante transferencias finalistas, que poden ser de natureza corrente ou de capital. As transferencias finalistas de natureza corrente, teñen por obxecto:

- a) O cofinanciamento dos gastos derivados do normal funcionamento e desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios municipais en cada exercicio orzamentario
- b) O cofinanciamento de proxectos de investimentos en centros, equipamentos ou instalacións de titularidade municipal en materia de servizos sociais.
- c) O cofinanciamento de proxectos de investimento destinados a garantir a eliminación de barreiras e a accesibilidade aos programas e servizos públicos e instalacións de titularidade municipal.
- d) A resposta b e c son correctas

5. Segundo o establecido na Lei Orgánica 3/2018 do 5 de Decembro de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, respecto ó tratamento con fins de vídeo vixilancia:

- a) As persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, poderán levar a cabo o tratamento de imaxes a través de sistemas de cámaras ou vídeo cámaras, coa finalidade de preservar a seguridade das persoas e bens, así como das súas instalacións.



CONCELLO DE GUNTIN (LUGO)

- b) Os datos serán suprimidos no prazo máximo dun mes dende a súa captación, salvo cando houberan de ser conservados para acreditar a comisión de actos que atenten contra a integridade das persoas, bens ou instalacións.
- c) Só poderán captarse imaxes da vía pública na medida en que resulte imprescindible para a finalidade de preservar a seguridade das persoas e bens, así como das súas instalacións.
- d) Todas son correctas.